

Acta núm. 8/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 9 de abril de 2019

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.
Non asiste: Yolanda Bouzas Alfonsín.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 9 de abril de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 26 de marzo de 2019.
- 2º.- Comunicacóns previas (obras menores)
- 3º.- Licenzas de segregación.
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Cambio de titularidade de licenza de obra maior.
- 6º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 26 DE MARZO DE 2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 26 de marzo de 2019, acta núm. 07/2019.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA JOSE GOMEZ SUAREZ, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Mourentáns, Viceso:

.- Na parte de peche de pedra existente situado a menos de 4 m. con respecto ao eixe do camiño, realizaranse obras de limpeza e encintado, sen aumentar a altura.

.- Construción dun novo peche de pedra de 1,5 m. de altura, a 4 m. con respecto ao eixe da vía.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural da zona oeste, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRO-1) do PXOM e sitúase dentro da aldea de Mourentáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como VE2, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMON FERREIRO FREIRE, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Estrar 2, Ós Ánxeles, substituindo a tella existente por tella nova, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) e sitúase dentro dunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como AE5, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Benito Romero Barco, que di actuar en nome de JAVIER PIAS CORRAL, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Quintáns 6, Brión:

.- Reparar a cuberta de dous galpóns, substituindo as tellas en mal estado por tellas novas, sen incrementar o seu volume.

.- Limpar e encintar as paredes de pedra dos galpóns.

.- Pavimentar con formigón, aproximadamente 50m², diante da edificación.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARTA GOMEZ SANCHEZ, na que solicita licenza de segregación e posterior agrupación de dúas parcelas situadas en Chave de Ponte, Bastavales, resultado dunha licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local o 25.09.2018, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña – Pontevedra) con data 06.03.2019 (expediente 20190129).

Descrición das parcelas de orixe, que son resultado da segregación concedida en Xunta de Goberno Local o 25.09.2019:

Viña 1:

Superficie neta: 1.229 m².

Referencia catastral 9115111NH2491N0001HB.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindes:

Norte: Manuel Gómez Miguez (parcela catastral 9115110NH2491N0001UB).

Sur: camiño.

Leste: camiño.

Oeste: coa parcela Viña 2.

Viña 2:

Superficie neta: 924 m².

Referencia catastral 9115113NH2491N0000PL.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2).

Lindes:

Norte: Manuel Gómez Miguez.

Sur: camiño.

Leste: coa parcela Viña 1.

Oeste: coas parcelas Viña 3 (referencia catastral 9115114NH2491N0000LL) e Viña 4 (parcela catastral 3026).

Segregación pretendida:

Segregase á parcela Viña 1 de forma que resultan 2 novas parcelas coa seguinte descrición:

Viña 1A:

Superficie neta: 1.035 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Lindes:

Norte: Manuel Gómez Miguez (referencia catastral 9115110NH2491N0001UB)

Sur: camiño.

Leste: camiño

Oeste: coa finca Viña 1B procedente desta segregación.

Viña 1B:

Superficie neta: 194 m².

Lindes:

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Norte: Manuel Gómez Miguez (referencia catastral 9115110NH2491N0001UB).

Sur: camiño.

Leste: coa parcela Viña 1A procedente desta segregación.

Oeste: coa parcela Viña 2.

Agrupación pretendida

Viña 2 – Viña 1B:

Superficie neta: 1.118 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural NRL-2.

Lindes:

Norte: Manuel Gómez Míguez.

Sur: camiño.

Leste: coa parcela Viña 1A procedente desta segregación.

Oeste: coa parcela Viña 3 (referencia catastral 9115114NH2491N0000LL) e Viña 4 (parcela catastral 3026).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por CARMEN NOVO CASTRO, na que solicita licenza de agrupación das fincas 958 do plano de concentración parcelaria dos Ánxeles, da finca 1.208 adicional e da finca 957 do plano de concentración parcelaria dos Ánxeles, do lugar da Senra e posterior segregación en dúas fincas, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico

agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado número 80/19.

Descrición das parcelas de orixe:

Finca 958 do plano de concentración parcelaria dos Ánxeles:

Referencia catastral: 6948908NH2464N0001LD.

Superficie: 960 m²

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1), de solo urbano adscrito a viais principais.

Lindes:

Norte: Rosa Novo Atán (957).

Sur: Rosa González Gronzo (962), Manuel González Gronzo (963) e Santiago González Gronzo (964).

Leste: Lourdes Piñeiro Alamacos (967).

Oeste: parcela segregada de María del Carmen Novo Castro (1.208 adicional ao plano).

Ocupada por edificacións de planta baixa en 154 m².

Finca 1.208 adicional:

Referencia catastral: 6948904NH2464N0001YD.

Superficie: 408 m²; despois da expropiación de 42 m² segundo acta previa á ocupación levada a cabo pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1), de solo urbano adscrito a viais principais.

Lindes:

Norte: Rosa Novo Atán.

Sur: Manuel García Novo (959), Genoveva Torres Novo (960) e Vicente Fidalgo Iglesias (961).

Leste: Rosa Novo Atán.

Oeste: en liña de quince metros, camiño de concentración parcelaria.

Ocupada por edificacións de planta baixa en 172 m².

Finca nº 957:

Referencia catastral: 6948903NH2464N0001BD.

Superficie: 1.630 m²; despois da expropiación de 164 m² para a obra da variante da AC-300 e AC-451- ramais de acceso á autovía Santiago – Brión.

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1), de solo urbano adscrito a viais principais.

Lindes:

Norte: Alfonso Pereira González e outra (956).

Sur: Rosa Novo Atán e outra (958).

Leste: Lourdes Piñeiro Alamancos (967).

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Agrupación pretendida:

Agrúpanse as fincas 958, 1.208 adicional e 957:

Superficie: 2.998 m²

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1), de solo urbano adscrito a viais principais.

Lindes:

Norte: Alfonso Pereira González e outra (956).

Sur: parcelas de Manuel García Novo (959), Genoveva Torres Novo (960), Vicente Fidalgo Iglesias (961), Rosa González Gronzo (962), Manuel González Gronzo (963) e Santiago González Gronzo (964).

Leste: Lourdes Piñeiro Alamancos (967).

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Ocupada por edificacións de planta baixa en 326 m².

Segregación pretendida:

Parcela 957:

Superficie neta: 1.376 m²

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1), de solo urbano adscrito a vias principais.

Lindes:

Norte: Alfonso Pereira González e outra (956).

Sur: parcela 958 desta segregación.

Leste: Lourdes Piñeiro Alamancos (967).

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Parcela 958:

Superficie bruta: 1.622 m².

Superficie neta: 1.595 m².

Superficie de cesión a vias: 27 m².

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1), de solo urbano adscrito a vias principais.

Lindes:

Norte: parcela segregada 957 procedente desta segregación.

Sur: parcelas Manuel García Novo (959), Genoveva Torres Novo (960), Vicente Fidalgo Iglesias (961), Rosa González Gronzo (962), Manuel González Gronzo (963) e Santiago González Gronzo (964).

Leste: Lourdes Piñeiro Alamancos (967).

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Ocupada por edificacións en 326 m².

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 27 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA MARIA BEIRAS FREIRE e ANTONIO ALBERTO GONZALEZ MARIN, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Pérros 50, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.07.2018 e documentación complementaria visada o 02.01.2019.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 7036420NH2473N0001QM), está situada en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal, polo asesor xurídico urbanístico do Concello, e da resolución favorable do Servizo de Xestión Cultural, Consellería de Cultura e Turismo, do 21/02/2019 (Expediente: 2645/2018), acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-O aplacado de pedra non imitará o despece dun muro de cantería, de perpiaños ou de cachotería, é dicir: ou ben pola disposición das pedras ou ben pola dimensión das pezas, identificarase claramente como un elemento engadido á fachada.

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.07.2018 e documentación complementaria visada o 02.01.2019.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 36,50 m² destinados a viais fora das alifñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 1 de abril de 2019.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Xavier Liñares Tüñez, que di actuar en representación de JESUS NAVAZO RUIZ, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en Gándara 21, San Salvador, segundo proxecto básico e de execución redactado por Salgado e Liñares, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.01.2019 e documentación complementaria visada o 20.03.2019.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 8133813NH2483S0001JS) está situada en solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado por Salgado e Liñares, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 23.01.2019 e documentación complementaria visada o 20.03.2019.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 21,54 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 29 de marzo de 2019.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Sampedro Gandarela, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de obra maior para ampliar unha explotación de vacún de leite (ampliación do silo, ampliación do almacén, ampliación do curro, construción dun estercoeiro e dun muro de contención de terras), en Vioxo de Abaixo, Luaña, concedida pola Xunta de Goberno Local o 20/09/2016 a Sampedro Gandarela S.C.

O concelleiro José Luis Sampedro Bouzas abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2. b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de obra maior para ampliar unha explotación de vacún de leite (ampliación do silo, ampliación do almacén, ampliación do curro, construción dun estercoeiro e dun muro de contención de terras), situada en Vioxo de Abaixo, Luaña, a nome de José Sampedro Gandarela, con DNI: 33255223Y.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,50 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González